

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 21 DE NOVEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa (PP)

Concelleiros:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro (PP)

D^a Ana María Abad López (PP)

D^a Cristina Iglesias Guerreiro (PP)

D. Marco López López (BNG)

D. José Manuel López Hermida (BNG)

D. Carlos Fernández Louzao (BNG)

AUSENTES

D. Manuel Angel Meitín Rouco (PP)

D^a M^a Rosario Balseiro López (PP)

D. José Manuel Balseiro Canoura (PP)

D^a.M^a Luísa Pernas Quelle (BNG)

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezoito horas e trinta minutos do día vinteun de novembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia da Alcalde-Presidente D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos señores Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión extraordinaria e urxente, convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1º.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DO ASUNTO INCLUÍDO NA ORDE DO DÍA.

Coa autorización da presidencia, por Secretaría dáse lectura ó decreto de convocatoria no que se reflicte a xustificación da urxencia do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Enterado, o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aos efectos do

disposto no Art. 79 do R.D. 2568/1986 de 28 de novembro; aprecia-la urxencia do asunto incluído na orde do día da sesión.

2º.- LICITACIÓN DA “PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) NO CONCELLO DE XOVE; SERV: 02/16). PROPOSTA DA MESA DE CONTRATACIÓN. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta ó Pleno Corporativo da Acta da Mesa de Contratación da Licitación de referencia, celebrada con data 18 de novembro de 2016 que a seguir se transcribe integramente:

No salón de comisións da Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as 13'00 horas do día 18 de novembro de 2016; consonte ó disposto no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP) que rexerán no Procedemento Aberto, convocado para a contratación da PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE SERV:02/16 aprobado polo Pleno Corporativo en sesión de data 16 de xuño de 2016, reúnese a Mesa de Contratación presidida polo Alcalde Presidente do Concello de Xove D. José Demetrio Salgueiro Rapa consonte ó disposto na Cláusula 17, integrada por:

- Dona Ana de la Barrera Vila, Traballadora Social do Concello y responsable do contrato.
- D. Carlos Fernández Louzao Concelleiro do G.M. do Bloque Nacionalista Galego.
- Dna. María Dolores Meitín Guerreiro, Segunda Tenente de Alcaldía.
- Dona Elena Santos Rey (Interventora Municipal.
- D. Luis María Fernández del Olmo (Secretario Municipal), e por

D. Manuel Peteira González, funcionario municipal quen substitúe a D. Pablo Sánchez Lage, a quen como Secretario corresponde a fé pública do presente acto.

*A seguir procédese á apertura do sobre presentado en tempo e forma polo licitador **IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L.** coa documentación requirida por acordo da Mesa de Contratación de data 14 de novembro de 2016.*

Unha vez leído na súa integridade o escrito presentado polo licitador e a petición da Mesa polo Secretario e maila Interventora Municipais informase o seguinte:

*En relación cos argumentos reflectidos no escrito presentado polo licitador **IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L.** os funcionarios informantes; reiterando en parte os argumentos aducidos na sesión celebrada pola Mesa de Contratación con data 10 de outubro de 2016 na que se acordou non considerar a norma **UNE-EN ISO9001:2008** presentada polo licitador **Servital Servicios Sociosanitarios S.L.** como equivalente ás normas **UNE 158301:2015** ou **UNE 158301** nominalmente esixidas polo PCAP na súa **Claúsula 26**; consideran necesario salientar, pola súa relevancia, os seguintes extremos:*

*1º.- O Pleno Corporativo na súa sesión de data 16 de xuño de 2016 aprobou o PCAP e o PPT regulador da licitación por procedemento aberto e tramitación ordinaria da **PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE XOVE SERV:02/16.***

Nin o PCAP nin PPT foron obxecto de impugnación ou recurso ningún.

*2º.- Todos os licitadores que concorreron en tempo e forma á licitación aceptaron expresamente os citados PCAP e PPT - **Claúsula e) - do Anexo I DECLARACIÓN RESPONSABLE.***

*3º.- A presente licitación esta suxeita a **REGULACIÓN HARMONIZADA** por aplicación do disposto no art. 4 da Directiva 2014/24/UE xa que o valor estimado do contrato é superior aos 750.000'00 €.*

*4º.- Ó abeiro do disposto nos arts. 49 da Directiva 2004/18/CE y 80 do **TRLCSP** na **Claúsula 26** parágrafo **B.2** do PCAP sinalase que (sic) “ O licitador deberá contar coa certificación **UNE 158301:2015** ou **UNE 158301:2007** de Servizos para a promoción da autonomía persoal do servizo de axuda a domicilio ou outra norma equivalente que cubra o obxecto do contrato “*

Das puntualizacións transcritas, a xuízo dos informantes, pódese concluir:

*1º.- Que dificilmente pódese argumentar que o PCAP (que lembremos non foi obxecto de impugnación) conculque os principios básicos da contratación pública de libre concorrência e competencia, toda vez que o tenor literal da súa **Claúsula 26** axustase dun xeito estrito ao prevenido nos arts. 49 da Directiva 2004/18/CE y 80 do **TRLCSP**; os requisitos de solvencia figuran no PCAP e no anuncio da licitación, son determinados e están relacionados co obxecto e co importe do contrato.*

2º.-.- Que dificilmente pode ser estimada a interpretación do licitador según a cal calquera criterio de solvencia que se exisa por parte da administración contratante; no caso que nos ocupa un determinado volume anual de negocios, a prestación dun determinado número de horas ao ano de SAF e contar cunhas certificacións determinadas ou equivalentes, poda ser impugnado, por discriminatorio e/ou limitador da competencia, por aqueles licitadores que non cumpran tales requisitos.

3º.- Que a decisión por parte dos responsables dos departamentos municipais de secretaría, intervención e servizos sociais e da redacción do PCAP e do PPT, refredanda por unanimidade dos membros do pleno corporativo na súa condición de órgano competente de contratación, de fixar os criterios de solvencia

reflectidos na Cláusula 26 do PCAP non foi nin é unha decisión “gratuíta” adoptada dun xeito discrecional.

Todo o contrario os devanditos criterios de solvencia e concretamente o criterio reflectido no Parágrafo B.2 da Cláusula 26 do PCAP foi fixado tendo en conta as características específicas que concorren na presente licitación non só polo elevado valor estimado do contrato máxime para un Concello como Xove que entre outras cousas determina a súa condición de contrato suxeito a regulación harmonizada senón , básica e fundamentalmente, polas especificidades que concorren no que constitúe o obxecto do contrato isto é a prestación do servizo de axuda no fogar (SAF).

En efecto poucos por non dicir ningún dos servizos de competencia municipal, propia ou delegada, teñen o nivel de exhaustividade de regulación nos seus respectivos ámbitos competenciais por normativa estatal, autonómica e mesmo municipal a través do preceptivo regulamento; como ten o SAF na súa dobre modalidade de acceso para os usuarios (persoas con situación de dependencia recoñecida ou en réxime de libre concorrència).

Pois ben, coa habilitación legal do disposto nos arts. 49 da Directiva 2004/18/CE y 80 do TRLCSP, considerouse axeitado; tendo en conta as características e especificidades do SAF esixir como criterio de solvencia que o licitador contara coa norma UNE 158301:2015 ou UNE 158301:2007 de Servizos para a promoción da autonomía persoal do servizo de axuda a domicilio ou outra norma equivalente que cubra o obxecto do contrato “, entendendo por equivalentes os certificados expedidos por organismos establecidos en calquera Estado membro da Unión Europea.

É en relación coa certificación concreta aportada polo licitador (ISO 9001:2015) os informantes reiteran su opinión de que dita certificación polo seu carácter xeneralista non descende nin acredita os niveis de concreción de calidade aos que si descende ,contempla, revisa e acredita unhas normas específicas para a prestación do SAF ou as súa equivalentes coma as elixidas na presente licitación.

Noutro orde de cousas compre lembrar que tanto a Mesa de Contratación (na súa sesión de 10/10/2016) como o Pleno Corporativo na súa condición de órgano de contratación competente (na súa sesión de data 28/10/2016) teñen rexeitado a norma ISO 9001:2015 como equivalente ás nominalmente esixidas ao coñecer e valorar a documentación aportada por outro licitador (SERVITAL SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L.), antecedente relevante aos efectos non só da aplicación do principio xeral da vinculación polos propios actos, senón dos principios de coherencia e interdicción da arbitrariedade aos que debe axustarse a acción administrativa.

Enterada a Mesa por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión ACORDA:

1º.- Excluír da licitación ao licitador IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L. por non ter acreditada a solvencia técnica e profesional esixida pola Cláusula 26, Parágrafo b.2 do PCAP.

2º.- Propoñer ao Pleno corporativo como órgano de contratación a adjudicación do contrato á mercantil COIDADOS S.L. licitador que acadou a seguinte mellor puntuación no procedemento, nos termos e condicións reflectidos na súa oferta, e previa presentación da documentación sinalada na Cláusula 26 do PCAP que rexen no procedemento de licitación.

3º.- Notificar telematicamente a todo os licitadores e individualizadamente ao licitador IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S. L. a presente acta sinalando expresamente que contra os acordos adoptados poderase presentar con carácter potestativo recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais ou recurso contencioso – administrativo de conformidade coa lei reguladora de dita xurisdición.

Non habendo máis asuntos que tratar pola Presidencia dáse por rematado o acto sendo as 14'45 horas da data citada no encabezamento, extendéndose por min, Secretario, a presente Acta, que da fé de todo o tratado co visto e prace da Presidencia.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acorda:

PRIMEIRO.- Excluír da licitación ao licitador IDADE DE OURO SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.L. por non ter acreditada a solvencia técnica e profesional esixida pola Cláusula 26, Parágrafo b.2 do PCAP.

SEGUNDO.- A adxudicación do contrato á mercantil COIDADOS S.L. licitador que acadou a seguinte mellor puntuación no procedemento, nos termos e condicións reflectidos na súa oferta, e previa presentación da documentación sinalada na Cláusula 26 do PCAP que rexen no procedemento de licitación.

E sen mais asuntos que tratar, sendo as dezaioito horas e corenta e cinco minutos, levantase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que eu como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa.

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

